

I.E.S. OTERO PEDRAYO - OURENSE

PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

XEOGRAFIA E HISTORIA

I ESO

CURSO 2018-2019

Materia impartida polo profesor

José Cacheiro Fernández

Profesorado do Departamento

Ramón Estévez Barreira

Agustina Rodríguez Viña

Daniel Lorenzo Valdivieso

José Cacheiro Fernández

Carolina Suárez García

José Vázquez-Monjardín Fernández

Álvaro Pérez Cancelas

ÍNDICE	PÁX.
1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.....	49
4. AVALIACIÓN.....	49
5- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	51
6- TEMAS TRANSVERSAIS.....	52
7- CONTRIBUCIÓN DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR	52
8- INTEGRACIÓN DAS TIC	54
9- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES	54
10- <i>INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.</i>	54

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño 2015 (DOG 29-VI-2015), fixa entre os obxectivos para a Educación Secundaria Obrigatoria: Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

O alumnado debe acadar o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado, cuxa análise conxunta favorecen a comprensión dos diferentes acontecementos que ao longo do tempo construíron o noso presente.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixos vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social dende unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social. En ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias chave é moi salientábel. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO. A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano".

2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Obxectivos de etapa

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

Competencias clave:

- 1.- Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Secuenciación e temporalización:

BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO

1. O planeta Terra

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- A posición do planeta Terra no conxunto do universo e do sistema solar.
- Os movementos de rotación e de translación da Terra e as súas consecuencias.
- Os puntos cardinais e a orientación.
- A rede xeográfica de paralelos e meridianos, así como a latitude e a lonxitude.
- Os fusos horarios.
- As representacións da Terra: as proxeccións cartográficas, as fotografías aéreas.
- Os mapas e os planos. As escalas dos mapas.
- A técnica de traballo con escalas e coordenadas xeográficas.

Carga Horaria: 9 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h	<p>1.1.A Terra, un planeta do sistema solar</p> <ul style="list-style-type: none"> -O sistema solar -O planeta Terra 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1. Coñecer a posición da Terra no conxunto do universo e o sistema solar e recoñecer os elementos que configuran o sistema solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.1.1.Coñece a posición da Terra no conxunto do universo e o sistema solar. ▪ 1.1.2.Recoñece os elementos que configuran o sistema solar. ▪ 1.1.3.Calcula distancias entre elementos do sistema solar a partir de táboas de datos. ▪ 1.1.4.Consulta na rede conceptos básicos para definir vocabulario específico relacionado co sistema solar. 	CAA CCL CD CMCC T

a, b, c, e, f, g, h	<p>1.2.Os movementos da Terra e as súas consecuencias</p> <ul style="list-style-type: none"> -O día e a noite -As estacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.Comprender as consecuencias dos movementos de translación e rotación da Terra, e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.2.1.Comprender as consecuencias dos movementos de translación e rotación da Terra. ▪ 1.2.2.Analiza as razóns da diferenza de duración dos días e as noites segundo as estacións. 	CAA CCL
a, b, c, e, f, g, h	<p>1.3.As coordenadas xeográficas</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os puntos cardinais -A orientación -A rede xeográfica -Os fusos horarios 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.Saber orientarse no espazo empregando a rede xeográfica e coñecer o sistema e función dos fusos horarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.3.1.Fai a experiencia de orientarte a partir da posición do Sol. ▪ 1.3.2.Describe os conceptos de latitude e lonxitude e aplícaos para localizar un punto no mapa. ▪ 1.3.3.Calcula a hora de diferentes cidades e países e comproba o resultado a través da consulta na rede. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	<p>1.4.A representación da Terra. Mapas e imaxes</p> <ul style="list-style-type: none"> -As proxeccións cartográficas -A imaxe visual da Terra -Mapas e planos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4.Recoñecer as diferentes proxeccións cartográficas e diferenciar mapas e planos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1.4.1.Diferencia os principais tipos de proxección cartográfica. ▪ 1.4.2.Compara os resultados do emprego de diferentes proxeccións xeográficas. ▪ 1.4.3.Clasifica e distingue tipos 	CAA CCL CD CMCC T

	-A escala a dos mapas		de imaxes de satélite e mapas. <ul style="list-style-type: none"> 1.4.4. Calcula distancias nun mapa a partir da súa escala. 	
a, b, c, e, f, g, h	1.5. Analizamos : Coordenadas xeográficas e escalas	<ul style="list-style-type: none"> 1.5. Identificar e diferenciar a escala dos mapas e empregar as coordenadas xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> 1.5.1. Identifica as coordenadas xeográficas de varios espazos xeográficos, por exemplo, a súa localidade. 1.5.2. Calcula a distancia, en liña recta, entre dous puntos dun mapa, tendo en conta a súa escala. 	CAA CCL CD CMCC T

2. O relevo terrestre

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- A estrutura e composición das diferentes capas que forman a Terra.
- As placas terrestres e as consecuencias dos seus movementos.
- A actuación das forzas internas e externas que contribúen á formación e modificación do relevo terrestre.
- A orixe das diferentes formas de relevo e a súa evolución.
- As diferentes formas de relevo que presenta a superficie terrestre, tanto nos continentes como nos fondos oceánicos.
- As principais unidades de relevo dos continentes.
- A situación e trazos básicos dos continentes, os océanos e as augas continentais.
- As principais características e unidades de relevo de Europa, Asia, África, América, Oceanía e Antártida.
- As unidades básicas do relevo de España e de Galicia.
- A técnica de traballo con curvas de nivel no Mapa Topográfico.

Carga Horaria: 10 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h	2.1. Estrutura e composición da Terra -As capas	<ul style="list-style-type: none"> 2.1. Describir a estrutura e composición das capas que 	<ul style="list-style-type: none"> 2.1.1. Describe as diferentes capas que configuran a 	CAA CCL

	da Terra	forman a Terra.	Terra. <ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.1.2.Valora as condicións da codia terrestre para a vida. 	
a, b, c, e, f, g, h	2.2.Orixe e formación do relevo terrestre -As placas terrestres e os seus movementos -As forzas internas e os axentes externos -As grandes unidades estruturais do relevo -As formas do relevo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2.Comprender os procesos de formación do relevo terrestre e identificar as diferentes formas de relevo as principais unidades que presenta a superficie terrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.2.1.Explica o concepto de placa tectónica. ▪ 2.2.2.Relaciona os movementos das placas terrestres cos fenómenos sísmicos e volcánicos. ▪ 2.2.3.Localiza as grandes unidades do relevo terrestre. ▪ 2.2.4.Diferencia as principais formas de relevo continental. ▪ 2.2.5.Recoñece e identifica en imaxes as diferentes formas de relevo terrestre. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	2.3.Continentes, océanos e augas continentais -As terras emerxidas -Océanos e mares -As augas continentais -Os continentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.Identificar, localizar e caracterizar os continentes e os océanos da Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.3.1. Identifica e localiza os continentes e océanos da Terra. ▪ 2.3.2.Describe e localiza sobre mapas as principais unidades de relevo dos continentes. ▪ 2.3.3.Utiliza correctamente atlas e mapas dixitais para 	CAA CCL CD

			localizar accidentes xeográficos determinados.	
a, b, c, e, f, g, h	<p>2.4.O relevo de España</p> <p>-A Meseta</p> <p>-As unidades exteriores á Meseta</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.4.Localizar e identificar as principais unidades de relevo de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.4.1.Localiza e caracteriza as unidades e formas de relevo de España. ▪ 2.4.2.Localiza en mapas e imaxes de satélite unidades e formas de relevo de España. 	CAA CCL CD
a, b, c, e, f, g, h ñ	<p>2.5.O relevo de Galicia</p> <p>-Os materiais do relevo galego</p> <p>-As unidades do relevo interior</p> <p>-A costa e as rías</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.5.Localizar e identificar as principais unidades de relevo de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.5.1.Localiza e caracteriza as unidades e formas de relevo de Galicia. ▪ 2.5.2.Localiza en mapas e imaxes de satélite as principais unidades e formas de relevo de Galicia. 	CAA CCL CD
a, b, c, e, f, g, h	<p>2.6.Traballamos con: Curvas de nivel</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.6.Analizar e interpretar un mapa topográfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 2.6.1.Identifica as curvas de nivel nun mapa topográfico. ▪ 2.6.2.Localiza, nun mapa topográfico, os puntos de maior altitude, as maiores pendentes e os espazos máis planos. 	CAA CCL CD

3. A atmosfera e os fenómenos atmosféricos

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- A composición da atmosfera e as características básicas das capas que a conforman.
- Os fenómenos máis destacados que teñen lugar na atmosfera.
- A diferenza entre clima e tempo.
- Os elementos do clima.
- Os factores do clima.
- A distribución xeográfica dos climas.
- As características xerais e as variantes dos climas cálidos, temperados e fríos.
- A técnica de traballo de análise e comentario de climogramas.

Carga Horaria: 11 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h	3.1. A atmosfera -As capas da atmosfera -Os fenómenos atmosféricos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1. Coñecer a atmosfera e a súa composición e identificar os principais fenómenos atmosféricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.1.1. Describe as capas da atmosfera. ▪ 3.1.2. Recoñece a importancia da atmosfera para a vida na Terra. ▪ 3.1.3. Valora os efectos da capa de ozono sobre a vida dos seres vivos. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	3.2. Elementos e factores do clima -Tempo e clima -Os elementos do clima -Os factores do clima	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2. Diferenciar entre clima e tempo e describir os elementos e factores dos climas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.2.1. Distingue entre tempo e clima a través de exemplos concretos. ▪ 3.2.2. Diferencia entre os elementos e os factores que condicionan o clima da Terra. ▪ 3.2.3. Consulta na rede conceptos básicos para definir 	CAA CCL CD

			<p>vocabulario específico relacionado cos climas.</p> <ul style="list-style-type: none"> 3.2.4. Establece relacións entre o clima, o relevo, as augas e os seres vivos. 	
a, b, c, e, f, g, h	<p>3.3. Os climas e a súa distribución xeográfica</p> <p>-As zonas climáticas</p>	<ul style="list-style-type: none"> 3.3. Recoñecer e localizar os principais tipos de clima da Terra, en función das temperaturas e precipitacións. 	<ul style="list-style-type: none"> 3.3.1. Interpreta gráficas climáticas a partir de datos de precipitacións e temperaturas. 3.3.2. Identifica en mapas temáticos a distribución de climas. 3.3.3. Recoñecer as principais causas da diversidade climática da Terra. 3.3.4. Recoñece a importancia das investigacións científicas no coñecemento da diversidade climática. 3.3.5. Valora a diversidade dos medios naturais como recurso que permite mellorar a calidade de vida. 	<p>CAA CCL CD CMCC T</p>
a, b, c, e, f, g, h	<p>3.4. Os climas cálidos</p> <p>-O clima ecuatorial</p>	<ul style="list-style-type: none"> 3.4. Caracterizar e localizar as variantes máis 	<ul style="list-style-type: none"> 3.4.1. Identifica as variantes dos climas cálidos. 	<p>CAA CCL CD CMCC</p>

	<ul style="list-style-type: none"> -O clima tropical -O clima desértico cálido 	destacadas dos climas cálidos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.4.2.Localiza nun planisferio os maiores desertos cálidos. ▪ 3.4.3.Valora as condicións de vida do clima ecuatorial. ▪ 3.4.4.Identifica imaxes da rede correspondente s a climas cálidos. 	T
a, b, c, e, f, g, h	<p>3.5.Os climas fríos</p> <ul style="list-style-type: none"> -O clima polar -O clima de montaña 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.5. Caracterizar e localizar as variantes máis destacadas dos climas fríos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.5.1.Compara variantes de climas fríos a partir de climogramas. ▪ 3.5.2.Localiza nun planisferio os espazos do clima polar. ▪ 3.5.3.Valora as condicións de vida do clima de montaña. ▪ 3.5.4.Identifica imaxes da rede correspondente s a climas fríos. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	<p>3.6.Os climas temperados</p> <ul style="list-style-type: none"> -O clima mediterráneo -O clima chinés -O clima oceánico ou atlántico -O clima continental -O clima desértico frío 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.6.Caracterizar e localizar as variantes máis destacadas dos climas temperados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.6.1.Diferenza as variantes dos climas temperados. ▪ 3.6.2.Localiza nun planisferio as zonas xeográficas afectadas polo clima oceánico ▪ 3.6.3.Valora as condicións de vida do clima mediterráneo. ▪ 3.6.4.Identifica imaxes da rede correspondente s a climas temperados. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	3.7.Traballamos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.7.Elaborar e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 3.7.1.Constrúe, 	CAA

	con: Climogramas	interpretar gráficas climáticas ou climogramas.	cos datos de temperaturas e precipitacións dados, unha gráfica climática. <ul style="list-style-type: none"> 3.7.2. Analiza e comenta un climograma elaborado, e identifica a que tipo de clima pertence. 3.7.3. Compara dúas gráficas climáticas identificando o tipo de clima a que pertencen. 	CCL CD CMCC T
--	---------------------	---	--	------------------------

4. A diversidade dos medios naturais

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- As características dos medios naturais da zona cálida: o ecuatorial, os tropicais e os desertos cálidos.
- As características dos medios naturais da zona temperada: o mediterráneo, o chinés, o oceánico e o continental.
- As características dos medios naturais da zona fría e de alta montaña.
- O medio natural en España: o oceánico, o mediterráneo, o canario e o de alta montaña.
- O medio natural en Galicia e as súas variantes.
- A técnica de traballo de análise e comentario de imaxes e fotografías de temática xeográfica.

Carga Horaria: 9 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h	4.1. Os medios naturais da zona cálida -O medio ecuatorial -Os medios tropicais -Os desertos cálidos	<ul style="list-style-type: none"> 4.1. Identificar e describir as características dos medios naturais da zona cálida. 	<ul style="list-style-type: none"> 4.1.1. Identifica e diferenza as variantes dos medios naturais da zona cálida. 4.1.2. Caracteriza a selva ecuatorial. 4.1.3. Establece 	CAA CCL CD CMCC T

			<p>diferenzas entre selva e sabana.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.1.4.Relaciona a diminución de precipitación desde o ecuador aos trópicos coa diminución de vexetación. ▪ 4.1.5.Identifica imaxes da rede correspondentes a medios de climas cálidos. ▪ 4.1.6.Describe o tipo de vida dun oasis. 	
a, b, c, e, f, g, h	<p>4.2.Os medios naturais da zona temperada</p> <ul style="list-style-type: none"> -O medio mediterráneo -O medio chinés -O medio oceánico -O medio continental 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.2.Identificar e describir as características dos medios naturais da zona temperada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.2.1.Identifica e diferenza as variantes dos medios naturais da zona temperada. ▪ 4.2.2.Describe as variantes da vexetación mediterránea. ▪ 4.2.3.Explica as razóns das diferenzas de vexetación entre o medio mediterráneo e chinés. ▪ 4.3.4.Define as principais formacións vexetais do medio continental. ▪ 4.2.5.Identifica imaxes da rede correspondentes a medios de climas temperados. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	4.3.Os medios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.3.Identifica 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.3.1.Identifica 	CAA

	<p>naturais da zona fría e da alta montaña</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os medios polares -Os medios fríos da alta montaña 	<p>r e describir as características dos medios naturais da zona fría e de alta montaña.</p>	<p>e diferenza as variantes dos medios naturais da zona fría.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.3.2.Describe o modo de vida na alta montaña. ▪ 4.3.3.Identifica imaxes da rede correspondentes a medios de climas fríos. 	<p>CCL CD CMCC T</p>
a, b, c, e, f, g, h	<p>4.4.O medio natural en España</p> <ul style="list-style-type: none"> -O medio oceánico -O medio mediterráneo -O medio canario -O medio de alta montaña 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.4.Identificar e describir as características dos medios naturais de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.4.1. Identifica e diferenza as variantes dos medios naturais de España. ▪ 4.4.2..Relaciona o afastamento da costa como factor de matización das características do medio natural. ▪ 4.4.3.Explica a orixinalidade da paisaxe canaria. ▪ 4.4.4.Localiza nun mapa de España os medios naturais das principais variantes. ▪ 4.4.5.Localiza, a partir de datos de precipitacións e temperaturas, zonas de paisaxe desértica na península. ▪ 4.4.6.Identifica imaxes da rede correspondentes a medios de 	<p>CAA CCL CD CMCC T</p>

			climas peninsulares.	
a, b, c, e, f, g, h	<p>4.5.O medio natural en Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"> -O relevo -As variantes climáticas -A vexetación -Os ríos -A fauna 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.5. Identificar e describir as características das variantes do medio natural de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.5.1. Identifica e diferencia as variantes dos medios naturais de Galicia. ▪ 4.5.2. Identifica e describe o tipo de formación vexetal dominante da zona na que vives. ▪ 4.5.3. Elabora un climograma da zona onde vivas, a partir de datos de temperaturas e precipitacións que localices na rede. ▪ 4.5.4. Identifica imaxes da rede correspondentes a variantes climáticas de Galicia. 	CAA CCL CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	<p>4.6. Traballamos con: Fotografías de temática xeográfica</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.6. Coñecer e desenvolver a técnica de traballo de análise e comentario de fotografías de temática xeográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4.6.1. Clasifica diversas imaxes de paisaxes cos medios naturais estudados, explicando as razóns da súa decisión. ▪ 4.6.2. Identifica nunha fotografía dunha paisaxe, os elementos naturais e os ocupados e 	CAA CCL CD

			habitados polo ser humano.	
--	--	--	----------------------------	--

5. Alteración e conservación do medio natural

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- As características e os efectos de dúas manifestacións da actividade xeolóxica: os terremotos e os volcáns.
- Os riscos causados polas alteracións atmosféricas das temperaturas, as precipitacións, os ventos.
- Os riscos que se orixinan nas augas dos mares polas alteracións da composición e temperatura.
- Algunhas das medidas de protección ante os riscos naturais.
- O impacto que a ocupación humana do territorio e a súa explotación provoca no medio ambiente.
- O esgotamento que se pode derivar da explotación abusiva ou incorrecta de recursos naturais.
- Algúns dos problemas máis destacados relacionados coa contaminación atmosférica, das augas e dos solos.
- A necesidade de xestionar solidariamente os recursos naturais.
- A técnica de traballo de análise e comentario de gráficos.

Carga Horaria: 8 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h, m	5.1. Desastres naturais de orixe xeolóxica -Os terremotos -Os volcáns	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1. Clasificar e caracterizar os riscos naturais en función da súa orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1.1.Explica as causas dos terremotos. ▪ 5.1.2.Identifica e describe os diferentes tipos de volcáns. ▪ 5.1.3.Localiza datos sobre mapas temáticos que reflicten zonas ou efectos de alteracións do medio natural 	CAA CCL CSC CD CMCC T

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.1.4.Valora os avances científicos no coñecemento e prevención de determinados riscos medio ambientais. ▪ 5.1.5.Identifica os problemas das xentes que sofren como consecuencia de desastres naturais. 	
a, b, c, e, f, g, h, m	<p>5.2.Os riscos atmosféricos e das augas dos mares</p> <ul style="list-style-type: none"> -Alteracións atmosféricas -Alteracións nas augas dos mares 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2. Coñecer e valorar os riscos causados polas alteracións atmosféricas e das augas dos mares 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.2.1.Comenta as consecuencias que poden derivarse da alteración de temperatura e salinidade das augas dos mares. ▪ 5.2.2.Analiza imaxes de inundacións que localices na rede e comenta as posibles causas e consecuencias. ▪ 5.2.3.Valora os efectos do vento nunha vaga de calor ou de frío. ▪ 5.2.4.Describe o fenómeno da gota fría e analiza as súas consecuencias. ▪ 5.2.5.Analiza e comenta o mapa de maiores riscos 	CAA CCL CSC CD CMCC T

			de furacáns tropicais.	
a, b, c, e, f, g, h, m	<p>5.3.Prevenición do impacto dos riscos naturais</p> <p>-Protección ante riscos xeolóxicos</p> <p>-Prevenición de riscos atmosféricos</p>	<ul style="list-style-type: none"> 5.3. Describir algunhas das medidas máis habituais de protección e prevención dos riscos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.3.1.Analiza as razóns do maior índice de riscos naturais que existen en determinados medios xeográficos. 5.3.2.Establece as diferenzas do impacto dun desastre natural en países desenvolvidos e subdesenvolvidos. 5.3.3.Propón medidas paliativas, correctoras e positivas para problemas do deterioro do medio ambiente. 	CAA CCL CSC CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h, m	<p>5.4.O impacto da acción humana nos medios naturais</p> <p>-A explotación dos recursos naturais</p> <p>-As actividades industriais e as infraestruturas</p> <p>-Accidentes derivados da actividade humana</p>	<ul style="list-style-type: none"> 5.4. Describir os riscos que provoca a acción humana sobre os medios naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> 5.4.1.Analiza, a partir de datos e gráficos, o impacto das actividades agrarias no medio natural. 5.4.2.Investiga sobre o impacto no medio natural das industrias próximas á súa localidade. 5.4.3.Describe os efectos dunha marea negra a partir de datos 	CAA CCL CSC CD CMCC T

			<p>localizados na prensa dixital.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.4.4.Localiza na rede datos da superficie queimada o pasado ano en España e valora as consecuencias para o medio natural. ▪ 5.4.5.Localiza e compara fotografías para valorar o impacto da actividade humana sobre o medio natural. 	
a, b, c, e, f, g, h, m	<p>5.5.O problema da contaminación</p> <ul style="list-style-type: none"> -A contaminación da atmosfera -A contaminación das augas e os solos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.5. Identificar e valorar algúns dos problemas máis destacados relacionados coa contaminación atmosférica, das augas e dos solos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.5.1.Selecciona un tipo de contaminación e elabora un breve informe sobre as súas causas e consecuencias. ▪ 5.5.2.Analiza diferentes tipos de gráficos sobre datos relacionados coa contaminación atmosférica. ▪ 5.5.3.Elabora un breve informe sobre como mellorar o problema da contaminación na zona na que vives, consultando datos na rede. 	<p>CAA CCL CSC CD CMCC T</p>
a, b, c, e, f, g, h	<p>5.6.Conservación e xestión sustentable</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.6. Tomar conciencia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.6.1.Analiza criticamente a 	<p>CAA CCL</p>

m	<p>de medios e recursos</p> <ul style="list-style-type: none"> -A xestión da auga -A protección das especies - <p>Desenvolvemento sustentable e a política dos Tres R</p>	da necesidade de xestionar solidariamente os recursos naturais.	<p>actuación individual e colectiva no tratamento dos problemas do medio ambiente causados pola actividade humana.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.6.2. Reflexión sobre o problema da escaseza de auga en moitas zonas e propón medidas para reducir o seu consumo. ▪ 5.6.3. Elabora unha listaxe co tipo de residuos que se xeran na propia casa e valora o tratamento que se lles dá. ▪ 5.6.4. Localiza na rede algún tipo de espazo protexido ou sobre algunha especie en perigo de extinción e elabora un informe no que propoñas algunha medida de protección. 	CSC CD CMCC T
a, b, c, e, f, g, h	<p>5.7. Traballamos con: Gráficos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.7. Coñecer, elaborar e analizar a técnica de traballo de análise e comentario de gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 5.7.1. Elabora un gráfico circular cos datos dados sobre a auga doce na Terra. ▪ 5.7.2. Elabora un gráfico de 	CAA CCL CSC CD CMCC T

			<p>barras cos datos dados sobre os ríos máis longos de planeta.</p> <ul style="list-style-type: none"> 5.7.3. Elabora un gráfico de liñas cos datos dados sobre o caudal do río Miño ao longo dun ano. 	
--	--	--	---	--

6. Os estados do mundo

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Os estados do mundo, organizados en continentes.
- A existencia de territorios dependentes doutros estados.
- Algúns datos demográficos significativos –total da poboación, esperanza de vida, taxa de mortalidade infantil-, médico-sanitarios –número de médicos por cada mil habitantes- e de carácter económico –PIB por habitante-.
- A organización territorial española actual.
- A técnica de traballo de análise e comentario de mapas políticos.

Carga Horaria: 8 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h	6.1. África	<ul style="list-style-type: none"> 6.1. Identificar e situar no mapa os principais estados de África e os trazos xerais do continente. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.1.1. Sinala no mapa político os estados polos que pasan as liñas do Trópico de Cáncer e de Capricornio. 6.1.2. Nun mapa político mudo escribe o nome dos estados que teñen costa no Mediterráneo e no océano Índico, indicando tamén o nome 	CAA CCL CSC CD

			<p>da súa capital.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.1.3. Analiza e comenta datos económicos e demográficos dos estados máis e menos desenvolvidos do continente a partir de táboas de datos e da consulta en Internet. ▪ 6.1.4. Traballa sobre mapas interactivos na rede. 	
a, b, c, e, f, g, h	6.2. América	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2. Identificar e situar no mapa os principais estados de América e os trazos xerais do continente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2.1. Sobre un mapa mudo de América, sitúa os tres estados de maior extensión, os que non teñen saída ao mar e o estado máis meridional do continente, indicando tamén as súas respectivas capitais. ▪ 6.2.2. Indica os nomes dos estados situados entre o Ecuador e o Trópico de Capricornio. ▪ 6.2.3. Analiza e comenta datos económicos e demográficos dos estados máis e menos desenvolvidos do continente a partir de táboas de datos e da 	CAA CCL CSC CD

			<p>consulta en Internet.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.2.4.Traballa sobre mapas interactivos na rede. 	
a, b, c, e, f, g, h	6.3. Asia	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.3.Identificar e situar no mapa os principais estados de Asia e os trazos xerais do continente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.3.1.Indica os nomes dos estados de Asia de maior e menor extensión e indica o nome das cidades que fan a función de capital. ▪ 6.3.2.Sobre un mapa político mudo indica os nomes dos estados da península de Arabia e as súas capitais. ▪ 6.3.3.Analiza e comenta datos económicos e demográficos dos estados máis e menos desenvolvidos do continente a partir de táboas de datos e da consulta en Internet. ▪ 6.4.4.Traballa sobre mapas interactivos na rede. 	CAA CCL CSC CD
a, b, c, e, f, g, h	6.4. Europa	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.4.Identificar e situar no mapa os principais estados de Europa e os trazos xerais do continente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.4.1.Sobre un mapa político mudo sinala o nome dos estados que non teñen saída ao mar e o das respectivas capitais. ▪ 6.4.2.Sobre o mapa de 	CAA CCL CSC CD

			<p>Europa, colorea os estados que forman parte de U.E. indicando as súas capitais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.4.3. Identifica os estados europeos que teñen costa no mar Báltico, no mar do Norte, no Mediterráneo e no mar Negro, así como os estados das illas atlánticas. ▪ 6.4.4. Analiza e comenta datos económicos e demográficos dos estados máis e menos desenvolvidos do continente a partir de táboas de datos e da consulta en Internet. ▪ 6.4.4. Traballa sobre mapas interactivos na rede. 	
a, b, c, e, f, g, h	6.5. Oceanía	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.5. Identificar e situar no mapa os principais estados de Oceanía e os trazos xerais do continente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 6.5.1. Describe os trazos políticos que caracterizan este continente. ▪ 6.5.2. Sobre un mapa localiza os tres estados de maior extensión e os arquipélagos que atravesan Ecuador, indicando as súas respectivas capitais. ▪ 6.5.3. Analiza e comenta datos 	CAA CCL CSC CD

			<p>económicos e demográficos dos estados máis e menos desenvolvidos do continente a partir de táboas de datos e da consulta en Internet.</p> <ul style="list-style-type: none"> 6.5.4.Traballa sobre mapas interactivos na rede. 	
a, b, c, e, f, g, h	6.6.A organización política de España	<ul style="list-style-type: none"> 6.6.Identificar e situar no mapa as comunidades autónomas, Ceuta e Melilla. 	<ul style="list-style-type: none"> 6.6.1.Sobre un mapa de España no que se figuren as provincias, colorea as Comunidades Autónomas e as súas capitais. 6.6.2.Sobre un mapa mudo de España, indica o nome das provincias con costa e as situadas nunha liña recta que vaia desde Santander a Granada. 6.6.3.Nomea e localiza as illas que forman os arquipélagos de Canarias e Baleares. 6.6.4.Analiza e comenta datos económicos e demográficos das Comunidades Autónomas máis e menos desenvolvidas a partir de táboas de datos e da 	CAA CCL CSC CD

			consulta en Internet. ■ 6.6.5.Traballa sobre mapas interactivos na rede.	
a, b, c, e, f, g, h	6.7.Traballamos con: Mapas políticos	■ 6.7. Coñecer e aplicar a técnica de traballo de análise e comentario de mapas políticos, tendo en conta os cambios da súa evolución.	■ 6.7.1.Compara dous mapas políticos dun país ou dun continente, de dúas datas diferentes, para ver a súa evolución.	CAA CCL CSC CD

BLOQUE 2. A HISTORIA

7. As sociedades prehistóricas

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Aspectos destacados das actividades da humanidade durante a Prehistoria, a longa etapa anterior ao descubrimento da escritura.
- As actividades dos cazadores paleolíticos e as dificultades para sobrevivir, así como as manifestacións da súa relixiosidade.
- As transformacións orixinadas durante o Neolítico polo paso dunha economía depredadora a outra produtora e as consecuencias derivadas destes cambios revolucionarios.
- As características e extensión do fenómeno megalítico en Europa, con especial referencia aos megálitos galegos.
- A diversidade cultural existente na península ibérica durante o primeiro milenio antes de Cristo, prestando especial atención á cultura castrexa prerromana do noroeste.
- A técnica de elaboración de eixes cronolóxicos.

Carga Horaria: 9 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h l	7.1.Os cazadores paleolíticos -A procura do alimento -Protexerse e	■ 7.1. Definir os trazos básicos das sociedades paleolíticas.	■ 7.1.1.Recoñec e os trazos básicos da vida das primitivas	CSC CCL CAA CD CCEC

	<p>organizarse para sobrevivir</p> <ul style="list-style-type: none"> -A fabricación de ferramentas -O mantemento dos modos paleolíticos -Arte rupestre: relixiosidade, arte, maxia? 		<p>comunidades humanas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.1.2.Relaciona os avances técnicos coa mellora das condicións de vida das sociedades prehistóricas. ▪ 7.1.3.Analiza, comenta e valora os modos de vida do pasado máis afastados dos actuais. ▪ 7.1.6.Valora as obras de arte prehistóricas como fontes de información. ▪ 7.1.7.Analiza e procesa información procedente de obras filmicas e literarias que recrean aspectos das sociedades prehistóricas. 	
a, b, c, e, f, g, h, l	<p>7.2.Os primeiros agricultores</p> <ul style="list-style-type: none"> -A revolución do Neolítico -Onde, cando, por que se iniciou a agricultura e a gandaría? - Consecuencias da revolución neolítica 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.2.Caracterizar as causas e consecuencias máis destacadas da revolución neolítica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.2.1. Localiza datos sobre mapas históricos referidos ao asentamento de sociedades prehistóricas. ▪ 7.2.2.Coñece e valora as novidades do Neolítico. ▪ 7.2.3.Interpret 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>

			<p>a as manifestacións artísticas como expresión da cultura da sociedade que as produce.</p> <ul style="list-style-type: none"> 7.2.4.Recoñece o patrimonio cultural e artístico da prehistoria para contribuír á súa conservación. 	
a, b, c, e, f, g, h, l, ñ	<p>7.3.Os construtores de megálitos</p> <ul style="list-style-type: none"> -O fenómeno megalítico -Tipos de megálitos -Os megálitos galegos 	<ul style="list-style-type: none"> 7.3. Identificar as tipoloxías, características e finalidade dos monumentos megalíticos. 	<ul style="list-style-type: none"> 7.3.1. Describe as características dos monumentos megalíticos. 7.3.2. Analiza os megálitos máis abundantes en Galicia. 7.3.3. Busca e procesa información obtida na rede procedente de fontes diversas: cartográficas, iconográficas, textuais sobre o fenómeno megalítico. 7.3.4. Elabora un breve informe sobre algún megálito próximo á propia localidade. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a, b, c, e, f, g, h	<p>7.4.Diversidade cultural na</p>	<ul style="list-style-type: none"> 7.4. Recoñecer as diferenzas 	<ul style="list-style-type: none"> 7.4.1. Comenta mapas 	CSC CCL

1	<p>península ibérica</p> <ul style="list-style-type: none"> -A área ibérica -A área céltica e celtibérica 	<p>máis salientables das principais áreas culturais desenvolvidas na península ibérica anteriores á chegada dos romanos. Identificar e valorar as principais achegas das colonizacións históricas na península ibérica.</p>	<p>temáticos sobre as áreas de asentamento das principais áreas culturais peninsulares prerromanas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.4.2. Localiza, sobre mapas, as áreas de colonización mediterránea. ▪ 7.4.3. Localiza información na rede para elaborar un breve informe sobre a cultura ibérica. 	<p>CAA CD CCEC</p>
a, b, c, e, f, g, h, l, ñ	<p>7.5.A cultura castrexa</p> <ul style="list-style-type: none"> -Os castros -A explotación do territorio - Relixiosidade e manifestacións artísticas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.5. Describir os trazos básicos da cultura castrexa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 7.5.1. Describe as características arquitectónicas básicas dos castros. ▪ 7.5.2. Analiza os trazos da cultura castrexa a partir de imaxes e textos. ▪ 7.5.3. Localiza información na rede para elaborar un breve informe sobre un castro de Galicia. ▪ 7.5.4. Trata de buscar diversas explicacións causais para comprender a 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>

			evolución das sociedades prehistóricas.	
a, b, c, e, f, g, h, l	7.6.Traballamos con: Eixes cronolóxicos	<ul style="list-style-type: none"> 7.6. Coñecer e aplicar a técnica de traballo de construción dun eixe cronolóxico ou eixe do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> 7.6.1.Realiza operacións de cálculo sinxelas para a elaboración de eixes do tempo. 7.6.2.Calcula a duración de períodos manexando cronoloxía de antes e despois do cambio de era. 7.6.3.Constrúe un eixe cronolóxico no que sitúe diversos acontecementos históricos dados. 	CSC CCL CAA CD CCEC CMCC T

8. Exipto e Mesopotamia

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Os trazos comúns das primeiras civilizacións históricas xurdidas nas beiras de grandes ríos con inundacións periódicas: Nilo, Éufrates, Tigris, Indo e Huang He.
- Os cambios sociais, económicos, políticos e culturais que se orixinaron como consecuencia da aparición das primeiras cidades.
- O papel desempeñado por unha nova forma de comunicación, a escritura, e o tipo de signos que se empregaron en Exipto e Mesopotamia.
- Os elementos máis representativos da civilización do Exipto faraónico.
- A organización das cidades-estado mesopotámicas e a formación dos imperios que, sucesivamente, dominaron a zona.
- As características da arte exipcia e mesopotámica, así como a súa significación e finalidade.
- A técnica de traballo de análise e comentario de imaxes de contido histórico e artístico.

Carga Horaria: 9 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE	COMP. CLAVE
------------	----------	-------------------------	---------------	-------------

			APRENDIZAXE	
a, b, c, e, f, g, h l	<p>8.1.As civilizacións fluviais</p> <p>-As primeiras civilizacións históricas. A revolución urbana</p>	<ul style="list-style-type: none"> 8.1.Definir os trazos básicos e comúns das civilizacións fluviais de Exipto e Mesopotamia. Describir os cambios que se orixinaron como consecuencia da aparición das primeiras cidades. 	<ul style="list-style-type: none"> 8.1.1.Recoñec e os trazos básicos e comúns das civilizacións fluviais. 8.1.2.Describe os cambios que se orixinaron como consecuencia da aparición das primeiras cidades. 8.1.3.Valora o papel desempeñado por unha nova forma de comunicación: a escritura. 8.1.4. Localiza, nun mapa actual, a situación destas civilizacións. 8.1.5.Identific a o papel dos ríos na orixe nas primeiras civilizacións históricas. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a, b, c, e, f, g, h l	<p>8.2.O Exipto dos faraóns</p> <p>-Exipto e o Nilo -O faraón, señor de Exipto -Un imperio de tres milenios -O pobo e as cidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> 8.2.Describir os elementos máis representativos da civilización do Exipto faraónico. 	<ul style="list-style-type: none"> 8.2.1.Analiza e valora o papel do Nilo na civilización exipcia da época faraónica. 8.2.2.Analiza e comenta textos, mapas e imaxes relacionadas co Exipto dos faraóns. 8.2.3.Busca de 	CSC CCL CAA CD CCEC

			<p>información e elabora un breve informa sobre o papel dos faraóns no antigo Exipto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.2.4.Describe os trazos básicos da organización política e social do antigo Exipto. 	
a, b, c, e, f, g, h l n	<p>8.3.Tumbas e templos</p> <ul style="list-style-type: none"> -As tumbas -Os templos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3.Identificar aos trazos máis representativos da cultura e a arte exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3.1.Coñece a significación das pirámides na civilización exipcia. ▪ 8.3.2.Describe os diferentes tipos de templos e os seus estilos arquitectónicos. ▪ 8.3.3.Coñece os nomes e as atribucións das principias divindades do panteón exipcio. ▪ 8.3.4.Analiza e comenta imaxes relacionadas coas manifestacións culturais e artísticas do antigo Exipto. ▪ 8.3.5.Valora as achegas culturais da civilización exipcia na formación dos gustos 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>

			<p>estéticos e a súa influencia en posteriores estilos artísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.3.6. Busca información e elabora un pequeno dossier con imaxes representativas da arte exipcia antiga. ▪ 8.3.7. Analiza e procesa información procedente de obras filmicas e literarias que recrean aspectos do Exipto faraónico. 	
a, b, c, e, f, g, h l	<p>8.4. Os imperios de Mesopotamia</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mesopotamia, un país entre ríos - Os pobos que dominaron Mesopotamia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.4. Caracterizar os trazos comúns dos pobos que ocuparon Mesopotamia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.4.1. Analiza e comenta, a partir de documentos e imaxes, o papel dos ríos en Mesopotamia. ▪ 8.4.2. Describe e valora o tipo de escritura característica de Mesopotamia. ▪ 8.4.3. Valora a recompilación de leis e a súa fixación por escrito. ▪ 8.4.4. Sitúa sobre un eixe cronolóxico os principais imperios asiáticos que 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC CMCC T</p>

			<p>dominaron Mesopotamia.</p> <ul style="list-style-type: none"> 8.4.5. Sitúa no mapa as principais cidades mesopotámicas antigas. 	
a, b, c, e, f, g, h l n	8.5. Palacios e reis	<ul style="list-style-type: none"> 8.5. Identificar aos trazos máis representativos da arte mesopotámica. 	<ul style="list-style-type: none"> 8.5.1. Describe os elementos construtivos e os materiais utilizados polos pobos mesopotámicos nas súas obras. 8.5.2. Analiza e comenta imaxes relacionadas coas manifestacións artísticas mesopotámicas. 8.5.3. Valora as achegas culturais e artísticas dos imperios mesopotámicos. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a, b, c, e, f, g, h l n	8.6. Trabajamos con: Imaxes de contido histórico e artístico	<ul style="list-style-type: none"> 8.6. Analizar e comentar imaxes de contido histórico e artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> 8.6.1. Identifica nunha imaxe dun papiro exipcio os elementos propios da súa cultura que se reflecten nel. 8.6.2. Identifica nunha imaxe dun relevo mesopotámico os elementos propios da súa cultura que se reflecten nel. 	CSC CCL CAA CD CCEC

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.6.3. Describe as características de diversas esculturas destas civilizacións estudadas. 	
--	--	--	---	--

9. A Hélade

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- As características xerais das poles gregas.
- As causas das colonizacións das poles gregas e as principais áreas desa expansión.
- As bases do sistema democrático ateniense e do sistema oligárquico espartano.
- O dominio político, militar e cultural de Atenas na época de Pericles.
- As rivalidades entre as cidades gregas, prestando especial atención ao enfrontamento entre Atenas e Esparta.
- A formación e expansión do imperio de Alexandre o Magno.
- As características e principais divindades do panteón grego.
- As achegas dos máis destacados pensadores, escritores e científicos da Hélade.
- As principais manifestacións da arte grega, destacando o labor dos máis destacados artistas.
- A técnica de traballo de análise e comentario de obras de arte.

Carga Horaria: 11 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h l	9.1. As poles gregas -A Hélade -As poles	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1. Coñecer os trazos básicos e comúns das poles e da civilización helénica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1.1. Elabora un esquema cos trazos comúns das poles gregas. ▪ 9.1.2. Sitúa nun mapa as principais poles gregas. ▪ 9.1.3. Elabora un eixe cronolóxico coas etapas da civilización clásica das 	CSC CCL CAA CMCCT CCEC

			poles e do helenismo.	
a, b, c, e, f, g, h l	9.2. A colonización grega -Razóns para emigrar -As colonias gregas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2. Recoñecer as principais zonas da colonización grega no Mediterráneo e valorar a colonización como factor de difusión da civilización grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2.1.Explica as causas e consecuencias da colonización grega. ▪ 9.2.2.Localiza nun mapa histórico as principais zonas da colonización grega. ▪ 9.2.3.Localiza en internet datos sobre algunha das colonias gregas fundadas na magna Grecia e elabora un breve informe sobre ela. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a, b, c, e, f, g, h l	9.3.Atenas e Esparta -A democracia ateniense -A oligarquía espartana	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3. Identificar e valorar os sistemas políticos máis representativos: a democracia ateniense e a oligarquía espartana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3.1.Elabora un esquema sobre o funcionamento da democracia ateniense. ▪ 9.3.2.Explica as diferenzas entre os sistema político de Atenas e o de Esparta. ▪ 9.3.3.Analiza e comenta documentos escritos sobre os sistemas políticos gregos. ▪ 9.3.4.Valora o sistema político ateniense e a súa repercusión 	CSC CCL CAA CCEC

			na cultura europea posterior.	
a, b, c, e, f, g, h l	9.4.As guerras dos gregos -Gregos contra persas -Esparta contra Atenas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4. Coñecer os principais conflitos bélicos que afectaron ás poles gregas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.1.Describe os trazos básicos das guerras médicas. ▪ 9.4.2.Coñece as causas do enfrontamento entre as principais cidades gregas. 	CSC CCL CAA CCEC
a, b, c, e, f, g, h l	9.5.O imperio de Alexandre o Magno -Macedonia domina as poles gregas -O imperio de Alexandre o Magno -O helenismo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5. Coñecer a formación do imperio de Alexandre o Magno e valorar o papel que tivo na difusión do helenismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5.1.Recoñece o papel do exército macedónico na formación do imperio de Alexandre. ▪ 9.5.2.Establece diferenzas entre o sistema político ateniense e o de Alexandre. ▪ 9.5.3.Reflicte nun mapa a expansión do imperio de Alexandre. ▪ 9.5.4.Describe os trazos básicos do helenismo. 	CSC CCL CAA CCEC
a, b, c, e, f, g, h l n	9.6.Relixión, cultura e arte -Deuses e heroes -Filósofos e escritores -Inventores e científicos -Beleza e harmonía nas artes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.6. Valorar o papel que a civilización grega tivo no posterior desenvolvemento do pensamento europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.6.1.Recoñece as principais divindades do panteón grego. ▪ 9.6.2.Identifica exemplos representativos das distintas áreas do saber grego. ▪ 9.6.3.Valora o 	CSC CCL CAA CD CCEC

	plásticas		<p>legado do mudo grego clásico na cultura europea posterior.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.6.4. Coñece os nomes e as atribucións das principais divindades do panteón heleno. ▪ 9.6.5. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. ▪ 9.6.6. Analiza e comenta obras de arte gregas. ▪ 9.6.7. Busca información e elabora un pequeno dossier con imaxes representativas da arte grega clásica. ▪ 9.6.8. Analiza e procesa información procedente de obras filmicas e literarias que recrean aspectos do mundo clásico grego. 	
a, b, c, e, f, g, h l n	9.7. Traballamos con: Obras de arte	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.7. Coñecer e aplicar a técnica de análise e comentario de obras artísticas de arquitectura, escultura e pintura gregas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.7.1. Analiza e comenta, seguindo o modelo dado, unha construción grega. ▪ 9.7.2. Analiza e comenta, seguindo o modelo dado, unha escultura 	CSC CCL CAA CD CCEC

			grega. ■ 9.7.3. Analiza e comenta, seguindo o modelo dado, unha pintura grega.	
--	--	--	---	--

10. Roma e o seu imperio

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- A orixe lendaria de Roma, a cidade que foi o centro dun dos grandes imperios da antigüidade.
- As organización política dos períodos da historia da Roma antiga: monarquía, república e imperio.
- A evolución das conquistas territoriais ata a definitiva configuración durante o imperio.
- As fases da conquista de Hispania e de Gallaecia e a súa organización territorial.
- As dificultades internas e externas que remataron coa división do imperio e a toma de Roma polos bárbaros.
- As técnicas de traballo que empregan os arqueólogos para coñecer mellor o pasado.

Carga Horaria: 10 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h, l	10.1. As orixes de Roma - Roma entre a lenda e a realidade histórica - O período monárquico	■ 10.1. Describir as orixes da civilización romana, tanto míticas como históricas e identificar cronoloxicamente os distintos períodos da historia de Roma.	■ 10.1.1. Explica as orixes míticas e históricas de Roma. ■ 10.1.2. Caracteriza o sistema político da monarquía romana. ■ 10.1.3. Localiza en mapas históricos a expansión de Roma durante a monarquía.	CSC CCL CAA CD CCEC CMCC T

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1.4. Analiza e comenta documentos e imaxes referidas ao período monárquico romano. ▪ 10.1.5. Realiza un eixe cronolóxico coas etapas da civilización romana. ▪ 10.1.6. Realiza sinxelas operacións de cálculo para determinar a duración dos períodos da civilización romana. 	
a, b, c, e, f, g, h, l	<p>10.2. A república romana</p> <ul style="list-style-type: none"> -A organización política da república -A expansión territorial -A fin da república 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2. Coñecer o sistema político da república romana e a evolución da expansión e conquistas deste período. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2.1. Describe a organización política republicana romana. ▪ 10.2.2. Identificar as fases de expansión e conquista dos romanos durante o período republicano. ▪ 10.2.3. Sitúa sobre o mapa as fases da expansión do período republicano. ▪ 10.2.4. Valora as guerras púnicas no contexto xeral da conquista do 	CSC CCL CAA CD CCEC

			<p>Mediterráneo.</p> <ul style="list-style-type: none"> 10.2.5. Busca e procesa información obtida de fontes diversas: cartográficas, iconográficas, textuais, arqueolóxicas e filmicas. 	
a, b, c, e, f, g, h, l, ñ	<p>10.3.A conquista de Hispania</p> <ul style="list-style-type: none"> -As etapas da conquista -A conquista de Gallaecia 	<ul style="list-style-type: none"> 10.3. Identificar as razóns da conquista romana da península ibérica e as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> 10.3.1. Analiza e comenta textos e mapas referidos á conquista romana da península ibérica. 10.3.2. Sitúa sobre o mapa as fases da conquista romana da península ibérica, especialmente as de Gallaecia. 10.3.3. Reflexiona sobre o papel das guerras de conquista e o comportamento dos conquistadores para cos vencidos. 	<p>CSC CCL CAA CCEC</p>
a, b, c, e, f, g, h, l	<p>10.4.O imperio romano</p> <ul style="list-style-type: none"> -O emperador -Expansión e organización territorial 	<ul style="list-style-type: none"> 10.4. Caracterizar os trazos políticos e da organización territorial do imperio romano. 	<ul style="list-style-type: none"> 10.4.1. Analiza e compara o sistema político da república e do imperio romano. 10.4.2. Reflicte sobre un mapa a organización territorial da 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>

			península ibérica na etapa final do imperio romano.	
a, b, c, e, f, g, h, l	<p>10.5.Crise e fin do imperio romano</p> <p>-A crise do século III</p> <p>-Os intentos de frear a crise: a reorganización do século IV</p> <p>-A fin do imperio romano de occidente</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.5. Identificar e valorar as principais causas das dificultades que explican a desaparición do imperio romano de occidente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.5.1. Identificar as principais causas da crise e desaparición do imperio romano de occidente. ▪ 10.5.2. Recoñecer e as medidas tomadas para tratar de evitar a fin do imperio. ▪ 10.5.3. Coñecer os feitos que provocaron a fin do imperio de Roma. 	CSC CCL CAA CCEC
a, b, c, e, f, g, h, l, n	<p>10.6.Traballamos con: Fontes de información arqueolóxica</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.6. Coñecer e valorar as técnicas de traballo que empregan os arqueólogos para coñecer mellor o pasado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.6.1. Identificar os pasos que dan os arqueólogos nunha escavación arqueolóxica. ▪ 10.6.2. Relacionar a antigüidade dun obxecto coa súa localización nun estrato superior ou inferior. ▪ 10.6.3. Establecer as diferenzas entre datación absoluta e relativa. 	CSC CCL CAA CCEC

11. A civilización romana

Presentación

Nesta unidade temática trabállase:

- Os trazos dunha civilización que fixo das cidades o centro da súa vida política, administrativa, social, relixiosa e cultural.
- A composición e funcións dos grupos sociais da civilización romana, destacando o papel desempeñado polos escravos.
- As principais actividades económicas dun ámbito unitario dirixido desde Roma.
- As características da relixión romana, as principais divindades e o ritos de culto.
- As principais achegas culturais que a civilización europea herdou do legado romano.
- As manifestacións das artes plásticas, destacando o sentido práctico e monumental da súa arquitectura e as novas achegas na escultura.
- Os trazos da cultura galaico romana como exemplo da romanización sobre as sociedades indíxenas.
- A técnica de análise e comentario de mapas históricos.

Carga Horaria: 11 sesións

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
a, b, c, e, f, g, h, l	11.1.Civilización urbana -Roma, a grande urbe -As civitas -O urbanismo romano -As funcións das cidades romanas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.1. Coñecer e valorar o papel desempeñado polas cidades romanas, destacando a función de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.1.1. Define os trazos básicos das cidades romanas, as diferentes categorías e as súas funcións. ▪ 11.1.2.Elabora un breve dossier con imaxes da Roma antiga. ▪ 11.1.3.Compara os nomes actuais de cidades españolas coa denominación que lles deron os romanos. ▪ 11.1.4. Identifica nun mapa histórico as principais vías romanas da península ibérica e establece relacións coa rede actual. 	CSC CCL CAA CD CCEC

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.1.5. Destaca as achegas dos romanos nos ámbitos de organización das vivendas e das cidades e a súa permanencia e influencia posteriores. 	
a, b, c, e, f, g, h, l	11.2. Sociedade escravista -Os escravos -Os libres	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.2. Valorar a existencia do escravismo como base do funcionamento socioeconómico da civilización romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.2.1. Analiza e valora a organización social romana e a súa evolución. ▪ 11.2.2. Describe as características dos grupos sociais. ▪ 11.2.3. Valora a condición social da muller en Roma. ▪ 11.2.4. Analiza e comenta imaxes referidas á sociedade romana. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a, b, c, e, f, g, h, l	11.3. Actividades económicas -As bases económicas -Os sectores económicos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.3. Identificar as principais actividades económicas do mundo romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.3.1. Describe e valora as principais actividades económicas do mundo romano. ▪ 11.3.2. Analiza e valora o papel das vías de comunicación no desenvolvemento económico de Roma. ▪ 11.3.3. Localiza na rede imaxes relacionadas co comercio e o transporte de mercadorías no mundo romano. ▪ 11.3.4. Analiza un mapa histórico referido ás achegas 	CSC CCL CAA CD CCEC

			destacadas das provincias romanas no conxunto da economía do imperio.	
a, b, c, e, f, g, h l n	11.4.Crenzas relixiosas -A relixión romana -O cristianismo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.4. Describir os elementos máis representativos da relixión romana e valorar a aparición da nova relixión, o cristianismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.4.1.Describe os trazos da relixión romana e a súa evolución durante o imperio. ▪ 11.4.2.Valora a existencia do culto privado e familiar. ▪ 11.4.3.Coñece os principios que defende o cristianismo e o proceso ata converterse na relixión oficial do imperio romano. ▪ 11.4.4.Analiza e comenta imaxes relacionadas coa relixión romana. 	CSC CCL CAA CD CCEC
a, b, c, e, f, g, h l n	11.5. Achegas culturais e artísticas -Achegas culturais -A arquitectura -Escultura, pintura e mosaico	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.5. Coñecer as principais características das manifestacións culturais e artísticas, valorando as achegas máis significativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.5.1. Aprecia as manifestacións artísticas romanas polos seus valores estéticos e pola súa influencia nas artes de épocas posteriores. ▪ 11.5.2.Analiza e compara obras arquitectónicas e escultóricas da época grega e romana. ▪ 11.5.3.Entende que significou a romanización desde o punto de vista cultural e artístico. ▪ 11.5.4.Valora os avances científicos 	CSC CCL CAA CD CCEC

			<p>e técnicos divulgados nos dominios romanos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.5.5. Interpreta as manifestacións artísticas como expresión da cultura e da sociedade da época romana. ▪ 11.5.6. Valora as obras de arte romanas como fontes de información histórica. ▪ 11.5.7. Analiza e procesa información procedente de obras filmicas e literarias que recrean aspectos da sociedade romana. ▪ 11.5.8. Le, comprende e sintetiza a información dos materiais de clase referidos ao estudio da civilización romana. 	
a, b, c, e, f, g, h, l, n, ñ	<p>11.6. A cultura galaicorromana</p> <ul style="list-style-type: none"> - O cambio político e social - A transformación do hábitat - A actividade económica - As novas formas culturais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.6. Coñecer e valorar os trazos máis representativos da cultura galaicorromana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.6.1. Coñece e valora os cambios políticos e administrativos que se produciron no noroeste peninsular como consecuencia da conquista romana. ▪ 11.6.2. Recoñece as transformacións orixinadas nos modos de hábitat da cultura castrexa 	<p>CSC CCL CAA CD CCEC</p>

			<p>tras a conquista romana.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.6.3. Analiza e comenta as principais actividades económicas da dominación romana en Gallaecia. ▪ 11.6.4. Localiza datos na rede e elabora un breve informe sobre os restos romanos na cidade de Lugo. ▪ 11.6.5. Analiza imaxes e documentos sobre as novas formas culturais introducidas polos romanos e a súa adaptación á cultura castrexa. 	
a, b, c, e, f, g, h, l, n	11.7. Traballamos con: Mapas históricos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.7. Coñecer e aplicar a técnica de análise e comentario de mapas históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 11.7.1. Relaciona, nun mapa histórico, os restos romanos en Hispania coa denominación actual do lugar onde se atopan. ▪ 11.7.2. Localiza, nun mapa histórico, as explotacións mineiras romanas. ▪ 11.7.3. Recoñece os lugares de orixe e expansión da relixión cristiá. 	CSC CCL CAA CD CCEC

3. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

Procurarase combinar o traballo expositivo do profesorado coa participación activa do alumnado.

Na parte práctica traballarase con diferentes tipos de mapas, climogramas, pirámides de poboación, gráficos, estatísticas económicas, documentos de textos, material gráfico, ...

O libro de Xeografía e Historia do Consorcio Editorial Galego será o libro de **texto de apoio**. Alén diso recorreremos a outros apoios, quer bibliográficos, quer gráficos (imaxes, mapas, power-point, etc.) A fin de reforzar conceptos, e segundo o permita a dinámica da aula, recorreremos ao proxectar filmes ou documentais, lectura de textos, e outros recursos relacionados co tema explicado.

4. AVALIACIÓN.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

Isto non implica a obrigatoriedade de realizar exames de recuperación específicos das diferentes Unidades Didácticas.

Criterios de cualificación

1.- En cada unha das avaliacións realizaranse un mínimo dun exame e outras probas puntuais, en función do tempo que se dispoña e da marcha da materia. A fin de potenciar a competencia de expresión oral procurarase ter algunha proba oral.

2.- Cada exame ou proba será valorada de 0 a 10 puntos, e nel poderán figurar: conceptos, gráficas, debuxos, textos a interpretar, textos para completar, etc. segundo sexa o tema ou temas a examinar. A puntuación de cada pregunta quedará refrexada no exercicio.

3.- A cualificación do exame supón até un mínimo do 80% no total da nota da avaliación. Os exames escritos deberán estar ben presentados, con boa caligrafía, sen emendas nin riscos. A fin de contribuír na adquisición da competencia lingüística, poderanse aplicar os criterios de ortografía determinados nos departamentos correspondentes.

4.- O traballo diario, a consecución dos obxectivos actitudinais e o plan lector terá até un máximo do 20% no total da nota da avaliación.

O alumnado levará ao día un caderno de traballo para a materia. Nel haberá tres seccións: apuntamentos, actividades e vocabulario. Este caderno deberá estar ao día e completo, ordenado, ben presentado e seguindo as directrices que indique o profesor; sendo a ferramenta que reflicte o traballo diario da/o alumna/o e o interese pola materia. Cada avaliación, o profesor, revisará os cadernos e porá unha nota de 0 a 10 puntos, indicándolle ao alumno os aspectos que tería que corrixir.

Non se recollerá o traballo fóra do día sinalado e a non entrega do traballo suporá un punto negativo.

Esta nota influirá na nota media da avaliación da seguinte maneira:

NOTA POLO CADERNO	PUNTOS PARA A AVALIACIÓN
De 0 até 3 puntos	-1
De 4 até 5 puntos	0
Un 6 ou un 7	0,5
Un 8 ou un 9	0,75
Un 10	1

5.- O comportamento na aula e actitude ante a materia valora até 0,5 puntos

6.- O profesor fixará exercicios e diferentes probas para que o alumnado poida recuperar a materia pendente. A realización deses exercicios e probas é obrigatoria e o non realizalas pode supor a non superación da materia.

Isto non implica a obrigatoriedade de realizar exames de recuperación específicos das diferentes Unidades Didácticas si fose o caso.

Cualificación final

A cualificación final será a media aritmética da nota das tres avaliacións. No caso de terse presentado a algunha recuperación terase en conta a nota do exame de recuperación para facer a media.

A nota do aprobado será o 5. As notas inferiores a 5 implican non superar a materia, xa que o redondeo se ten realizado nas respectivas avaliacións.

Avaliación inicial.

Empezarase na primeira quincena de clases cunha avaliación inicial oral ou/e escrita como toma de contacto cos alumnos e para detectar calquera tipo de problemas en canto se refire a coñecementos, actitudes, vocabulario, expresión, etc...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou adaptación de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica.
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos para cada grupo favorecendo a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria consistira nun exame cunha parte teórica e outra práctica. Cada parte terá diferentes preguntas e formarán dous bloques independentes que se valorarán nun 50% teoría e 50% práctica. Deixar un bloque sen resposta pode implicar suspender a proba.

A nota do exame supón o 100% da cualificación.

Avaliación de pendentos

Faráanse dous exames parciais e unha proba final para os que non acadaran os obxectivos. Aqueles que non se presentaran as probas parciais deberán facer a proba final. Tamén se poderá mandar a realización de actividades dos temas correspondentes a cada exame que serán valorados na cualificación. As datas de celebración das probas serán comunicadas aos titores correspondentes e colocaranse no taboleiro de información.

5- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para conseguir que a diversidade non sexa un obstáculo, intentaremos desenvolver a autonomía progresiva dos alumnos, tanto no plano individual como no grupal. Para iso propoñemos actividades que se deben resolver en equipos de traballo, así como a distribución de tarefas compartidas, responsabilidades no grupo, non sen por iso esquecer o traballo

individual que nesa etapa debe formar parte do proceso de aprendizaxe do alumnado tendente a unha maior autonomía no proceso.

En función desta proposta, deseñaremos en cada Unidade Didáctica actividades e propostas de traballo que permitan superar deficiencias de aprendizaxe, actividades de REFORZO e ADAPTACIÓNS CURRICULARES . Para iso se estudará cada caso particular coa axuda do DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. Tamén se satisfará a demanda de aquel grupo de alumnos que cunha maior madurez demanden niveis máis complexos (chamadas actividades de AMPLIACIÓN).

a) As actividades de reforzo aparecerán en dous momentos da Unidade Didáctica: ao principio dela, onde se interroga sobre os aspectos máis básicos que deben dominar da ESO e que serven de punto de partida para a aprendizaxe de novos contidos e ó final de cada Tema no que se propoñerán algunhas actividades que vaian dirixidas a reafirmar conceptos, procedementos e actitudes que algúns dos alumnos do grupo non asimilaran ben

b) As actividades de ampliación irán dirixidas a aqueles alumnos que pola súa maior madurez intelectual necesiten problemas que lles permitan obter un maior rendemento no proceso de ensinanza-aprendizaxe significativa. Estas actividades serán utilizadas a criterio do profesor, en función das súas necesidades educativas. Cada alumno debe aprender en función da súa capacidade e a isto se dirixe a diversidade de actividades e de criterios avaliadores.

6- TEMAS TRANSVERSAIS.

Os temas transversais abranguen contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado dende a complementariedade.

Non poden formularse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inserido na dinámica diaria do proceso de ensino-aprendizaxe.

Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.

Estes temas son:

Educación ambiental

Educación para a paz

Educación do consumidor

Educación vial

Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos

Educación para a saúde

Educación na sexualidade

Educación cívica e moral

7- CONTRIBUCIÓN DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

O fomento da lectura convértese nunha actividade prioritaria para comprender os textos escritos, para redactar correctamente e para expresarse oralmente de forma axeitada. Nunha área como Xeografía e Historia a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais

obstáculos. Parece, polo tanto, preciso fomentar a lectura para garantir a comprensión lingüística dos alumnos.

En primeiro lugar, potenciarase a lectura dos libros de texto así como as páxinas específicas dedicadas á lectura.

Empregaranse textos motivadores, normalmente de carácter narrativo ou periodístico, coa finalidade de que os alumnos aprendan Xeografía e Historia non só a través do texto expositivo, senón tamén doutros tipos de texto. Así mesmo ensinaráselles aos alumnos a ler textos históricos dun xeito pautado. Os alumnos aprenderán a situar os textos no seu contexto histórico e xeográfico, e a seleccionar as ideas principais. Por outra banda aprenderán a realizar actividades de contraste de fontes e de integración da información de varias fontes.

En terceiro lugar promoverase que os alumnos lean un conxunto de informacións para que formen a súa propia opinión sobre temas polémicos e de debatelos cos seus compañeiros.

En cuarto lugar intentarase que os alumnos aprendan a identificar os aspectos subxectivos dos textos e a reflexionar sobre a función que cumpriron. Ademais analizarán textos de todo tipo: políticos, testimoniais, literarios, etc.

En quinto lugar, proporcionaranse actividades específicas de comprensión lectora para axudar aos alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán . Estas actividades de comprensión lectora poden ser de varios tipos:

- Actividades sobre o vocabulario máis difícil ou específico.
- Actividades de selección das ideas principais e que están expresadas de forma explícita no texto.
- Actividades sobre as ideas implícitas, os matices do texto e as relacións entre as ideas (causa-efecto, comparación, semellanza ...), difíciles de descubrir polos alumnos, pois adoitan estar ocultos no texto.
- Actividades de realización de cadros, esquemas, táboas, etc., ferramentas que son moi útiles para comprender e estudar.
- Actividades en que se pide ós alumnos que dean a súa opinión persoal e que implican a transformación do estudado en coñecemento propio.

Participación do profesor desta materia no Plan Lector do Centro de acordo ao calendario recomendado polo/a responsable do Proxecto Lector. Este Plan Lector que contempla 50 minutos de lectura semanal e no cal participaremos

O profesor cooperará guiando, informando, interpretando, aclarando, explicando todas as dificultades que se orixinen na lectura ao longo da clase . O mesmo tempo dará exemplo nesta actividades de toda a clase.

A lectura será realizada mantendo as normas de clase (en silencio, boa postura, etc).

O alumnado pode usar os dicionarios da clase ou solicitar a información do profesor.

A fin de contribuír ao proxecto lector do centro proporemos a lectura e posterior análise crítico de pequenos textos relacionados coa materia.

8- INTEGRACIÓN DAS TIC

As novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) forman parte do proxecto educativo actual. Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, ata o punto de que se ten convertido na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. As novas tecnoloxías ábrenlles novos camiños e formas de traballar na clase, que poden resultar motivadoras para os alumnos e moi potentes desde o punto de vista didáctico. As posibilidades de traballar coas novas tecnoloxías son varias, cada profesor pode elixir, segundo os seus gustos e necesidades.

- Pódese recorrer a Internet para buscar información sobre actividades ou diversos aspectos da materia.
- Empregaránse recursos multimedia, con presentacións audiovisuais para cada un dos temas do libro. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, se o houbera, ben simplemente cun ordenador e un canón. Estas presentacións poden incluír animacións, vídeos, imaxes, esquemas, textos e actividades que poden proxectarse ao longo da explicación na clase e que, sen dúbida, farán máis rica e interesante a exposición.
- Pódense empregar proxectos específicos de investigación en Internet: as WebQuests. Trátase de grandes propostas de investigación que os alumnos realizarán en grupo e que ocuparán varias clases. Cada investigación supón a elaboración dun traballo sobre un tema do curso cuxa información debe buscarse en Internet. As WebQuests poden servir para traballar algúns temas do curso cunha metodoloxía indagadora, diferente da tradicional metodoloxía expositiva común na nosa materia, ao mesmo tempo que lles ensinan aos alumnos a procurar información en Internet e a traballar en grupo.
- Visualización de diferentes videos, CD-Rom etc...

9- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES

A desenvolver cando estean organizadas, presentando para aprobación do Departamento e do Consello Escolar.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

O alumno/ é capaz de:

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía. Elaborar e interpretar mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.

3. Comparar os rasgos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoos no espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.
4. Interpretar a paisaxe do seu contorno, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamento rurais ou urbanos.
5. Identificar e explicar exemplos de riscos e de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e proporcionando medidas e condutas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.
6. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia.
7. Identificar e expoñer os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valorar a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.
8. Diferenciar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa contribución á civilización occidental.
9. Comprender os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica na que se desenvolveu e a súa particular forma de ocupación do territorio.
10. Caracterizar os trazos da organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, valorando a transcendencia da romanización na Hispania e na Gallaecia e a pervivencia do seu legado.
11. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A programación é revisada ao longo de todo o curso escolar nas sucesivas reunións do Departamento que se realizan mensualmente, con especial fincapé na reunión final, tralo remate do curso académico.

A fin de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, ao final de cada avaliación o profesor entregará ao alumnado unha ficha (ANEXO I) para que se cubra de forma anónima.

ANEXO I: Cuestionario alumnado para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

1.- *A disciplina respostou as túas expectativas?*

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Moito</i>	

2.- Consideras que a disciplina é de utilidade para a túa vida diaria?

<i>Nada</i>	
<i>Poco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Mucho</i>	

3.- Consideras que foi de utilidade para outras disciplinas?

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	
<i>Bastante</i>	
<i>Moito</i>	

4.- Os temas abordados resultan aplicábeis distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal e académico?

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

5.- Consideras que as temáticas abordadas foron axeitadas?

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

6.- Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>Por que?</i>	

7.- Consideras axeitada a secuencia dos temas tratados?

<i>Si</i>	
<i>No</i>	
<i>Por que?</i>	

8.- Valora a parte práctica

	<i>Moi mala</i>	<i>Mala</i>	<i>Boa</i>	<i>Moi boa</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				

<i>Adaptación aos contidos</i>				
<i>Reforzo da parte teórica</i>				
<i>Aclaración de dúbidas</i>				

9.- Valora a actuación do profesor con respecto aos seguintes aspectos:

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>				
<i>Claridade da exposición</i>				
<i>Atención persoal aos alumnos</i>				
<i>Aclaración de dúbidas</i>				

10. Como mellorarías a disciplina?